

OBXECTIVOS DO PLAN DE TRABALLO DE INTERVENCIÓN NA FAMILIA

--

NECESIDADES BÁSICAS NON CUBERTAS QUE SE PRECISAN CUBRIR COA AXUDA

<input type="checkbox"/> ALIMENTACIÓN	<input type="checkbox"/> ROUPA/CALZADO	<input type="checkbox"/> MATERIAL ESCOLAR
<input type="checkbox"/> OUTRAS: <input style="width: 80%;" type="text"/>		
OBSERVACIÓNS		

VALORACIÓN PROFESIONAL

PROPOSTA	
DURACIÓN	CONTÍA
PROFESIONAL QUE REALIZARÁ O SEGUIMENTO	

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

Resolución do 12 de febreiro de 2009, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se declara a vixencia da disposición contida no capítulo IV 2) da Resolución do 31 de maio de 2006, desta dirección xeral (Diario Oficial de Galicia do 7 de xuño).

O 17 de decembro de 2008 publicouse no DOG resolución desta dirección xeral na que se dispón a publicación do acordo acadado entre a Administración da Comunidade Autónoma galega e as organizacións sindicais con representación entre os funcionarios ao servizo da Administración de xustiza de Galicia.

Este acordo ten por obxecto unicamente fixar o importe do complemento transitorio autonómico

(CAT) dos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, derogando exclusivamente nesta materia a Resolución do 31 de maio de 2006 (DOG do 7 de xuño) que continúa vixente nos demais acordos nela recollidos. Dentro destes acordos que continúan vixentes está o previsto no capítulo IV 2) para os funcionarios que prestan servizos en xulgados de instrución ou xulgados de primeira instancia e instrución das cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo con competencia en materia de violencia sobre a muller, aos cales se lles recoñecen vinte euros máis que ao resto dos funcionarios, dereito que non resulta afectado pola Resolución do 8 de setembro.

Polo exposto, co fin de aclarar as dúbidas que puideran existir, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Declarar a vixencia do disposto no capítulo IV 2) do acordo contido na resolución desta dirección xeral do 31 de maio de 2006 (DOG do 7 de xuño) en relación ao importe que corresponde, en concepto de complemento transitorio autonómico en aplicación do artigo 12 do Real decreto 1909/2000, aos funcionarios dos corpos de xestión, tramitación e auxilio xudicial que prestan servizos en xulgados das cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo con competencia en materia de violencia sobre a muller.

Segundo.-En consecuencia, recoñecer aos ditos funcionarios a cantidade de 20 € por riba da sinalada na Resolución do 8 de setembro de 2008 (DOG do 17 de decembro).

Esta cantidade aboaráselle con efectos retroactivos desde o mes de xaneiro de 2009.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2009.

Begoña Santos Fernández
Directora xeral de Xustiza

Resolución do 12 de febreiro de 2009, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se procede á publicación de subvencións concedidas, en virtude da Resolución do 2 de abril de 2008, pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o exercicio 2008.

De conformidade co disposto no artigo 15.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Resolución do 2 de abril de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o exercicio 2008, procédese á publicación das restantes subvencións concedidas desde a anterior publicación parcial no *Diario Oficial de Galicia* do 29 de outubro de 2008, de contía igual ou superior a 3.000 euros, ao seguir o procedemento de concesión establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Finalidade da axuda: a finalidade da concesión destas axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas aos/ás emigrantes galegos/as retornados/as e aos seus familiares é atender situacións de necesidade ou precariedade económica derivadas do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia.

Norma reguladora: Resolución do 2 de abril de 2008, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se regulan axudas extraordinarias a emigrantes galegos retornados e aos seus familiares para o exercicio 2008.

Aplicación orzamentaria: 04.50.312C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Crédito orzamentario: 300.000 €.

Relación das persoas beneficiarias e do importe da axuda concedida a cada unha delas, por orde alfabética: figura no anexo que forma parte desta resolución.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2009.

Manuel Luís Rodríguez González
Secretario xeral de Emigración

ANEXO**Relación das persoas beneficiarias e importe da axuda concedida a cada unha delas, por orde alfabética**

Beneficiarios/as	Contía da axuda concedida
Balsa Ponte, Manuel	3.055,37
Blanco Gerpe, Evangelina	3.350
Calvo Deibe, Carlos	3.350
Cancela Espiño, Arturo	3.350
Carballido Gil, Enrique Ramón	3.000
Castrelo Viña, José	3.000
Díaz Diéguez, Gerardo	3.350
Díaz López, Raquel	3.000
Domínguez Álvarez, José	3.000
Dorrego Fernández, Fernando	3.000
Fernández Lorenzo, Manuel	3.350
Freire Freire, Manuel	3.350
García Sánchez, Ovidio	3.000
Iglesias Raña, María	3.000
Lafuente Rabuñal, Josefina	3.000
López García, Carmen	3.350
Marra Estévez, Wilfredo Alipio	3.000
Martí Arias, Dolores Aide	3.350
Novoa Suárez, Alida Amparo	3.000
Núñez Lestón, Agustín Juan	3.000
Otero Arias, Marfa del Carmen	3.350
Panadeiros González, Patricio	3.000
Pena Suárez, Encarnación Gladys	3.350
Piñeiro González, Oliva	3.000
Rivera Fernández, Manuel	3.000
Rodríguez Louro, María Segunda	3.000
Rodríguez Santamaría, Genoveva	3.000
Romero Antelo, Leandro	3.000

Resolución do 13 de febreiro de 2009 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de febreiro de 2009 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural.

A aprobación da relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural xustifícase pola necesidade de dar cumprimento ao acordo asinado entre a Administración da comunidade autónoma e as organizacións sindicais, respecto a regulación das condicións de traballo do persoal pertencente ao Servizo